

A TOUPEIRA

XIS COSTA

Eu vou ser como a toupeira

Eu vou ser como a toupeira que esburaca nos impolutos céspedes das urbanizacións, porque por moito que a relva tape a terra, a terra é de todos, de todas. Quero-me à minha vontade, não na tua. Queremos o noso espazo na cultura porque a cultura, por moito que a vernicen de academia, é de todas, de todos. Cómpre unha xanela aberta ás creacións audiovisuais alternativas, subterráneas, clandestinas, porque por moito que disfarcen o cinema de técnica, a arte non nace da técnica, senón da necesidade de expresarse, da soidade, do amor, da raiva, da desesperación, da esperanza. Gústanos o cine, o vídeo, granuloso, desenfocado, con eivas técnicas, co son inzado de impurezas, en tanto sexa auténtico. "O peor do cine é o mundo do cine" (Guerín), coas súas produtoras, estreos, estrelas, alfombras vermellas, galas, premios é demais aparato e boato que só adornan o vacío. O diñeiro todo o ensuxa. Esa é a grande eiva do cine: non se pode crear estando suxeito a uns beneficios.

O vídeo é a toupeira do cine. O vídeo é cine, con outros mate-



Fotograma de Como foi o conto.

riais, do mesmo xeito que unha escultura é escultura independentemente do material. Si, o material inflúe no resultado, a madeira exige un traballo diferente ao da pedra, do ferro, do bronce. Pero o resultado sempre é unha escultura. O vídeo é a toupeira do cine porque lle devolve á/ao cineasta a liberdade

creativa e a independencia económica. Só hai que seguir esburacando para conseguirmos espazos onde mostrar os resultados, bares, pubs, salas, prazas, casas de amizades, igrexas... Só hai que seguir esburacando para que alguén deixe constancia dos resultados e se posibilite así unha historia alternativa do cine-

ma. Con esa vontade nace este espazo plural, esta xanela aberta a cines e vídeos galegos e foráneos, proxectos televisivos participativos e distribuidoras non comerciais, salas paralelas e instalacións.

Como foi o conto

Agora que desaparecen os espazos, e o tempo, para os narradores. Agora que narrar, como antes cantar e moito antes danzar, deixa de ser unha manifestación cotiá e natural. Agora cómpre reflexionar sobre o narrador. A narradora neste caso.

Como foi o conto é un traballo de reflexión sobre o acto de narrar e as estratexias aprendidas para captar, manter e competir pola atención do ouvinte. Na atención, no abraio, na entrega do ouvinte reside o pracer do narrador. Da narradora neste caso.

Por moitos impedimentos que se lle poñan, e son moitos pois a familia é dos piores públicos con que podemos toparnos, coa narración viva na cabeza, desfrutando, coas chaves e recursos que a túa cultura foi destilan-

do xeración tras xeración, a narradora, pacientemente, consegue facer que o presente acepte e desexa escoitar a súa seguinte frase do pasado. Unha a unha, incombustibelmente. Así mentres non a manden calar.

Alberte Pagán, o realizador, non só mostra senón que tamén narra neste vídeo. Un detonante poderoso abre o filme cun plano fixo que nos invita a mirar e escoitar o que ven a continuación. Estratexia de narrador. Esta, e uns cantos cortes na montaxe que rompen o plano secuencia co que inicialmente parece estar deseñada a posta en escena, son as únicas concesións que o realizador fai ao espectador audiovisual contemporáneo, embutido nas claves e recursos do cinema industrial anglosaxón. Inevitábel, por outro lado, mentres non exploremos as alternativas que ofrece a nosa cultura. Pero ese é un traballo de todos e todas. ♦

Como foi o conto púdose ver na sala NASA de Santiago, en xaneiro, e no CGAI da Coruña no ciclo *Letras Galegas / Imaxes Galegas*, o 10 de maio.